

A CLASE DE ESGRIMA

[Klaus Härö, 2015]

136

ESTREA EN NUMAX: 29.07.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Miekkailija (2015, 93')

Dirección: Klaus Härö

Guión: Anna Heinämaa

Reparto: Märt Avandi, Ursula Ratasepp, Lembit Ulfsa, Kirill Käro, Carmen Mikiver, Kaie Mikhelson, Hendrik Toompere Sr.

Montaxe: Ueli Christen, Tambet Tasuja

Vestuario: Liis Plato

Son: Ranno Tislar

Música: Gert Wilden Jr.

Fotografía: Tuomo Hutri

Produtora: Making Movies Oy (Finlandia), Allfilm (Estonia), Kick Film (Dinamarca)

Distribuidora: Karma Films

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Estoniano, ruso, armenio

FILMOGRAFÍA

Cartas al padre Jacob, 2009

The New Man, 2007

Adiós, mamá, 2005

Elina: As If I Wasn't There, 2002

«O xénero de profesores inspiradores obtén unha variación sobria e efectiva nesta historia de lazos interxeneracionais fronte a unha opresión histórica»


Justin Chang, VARIETY

SINOPSE

Endel Nelis é un mozo campión de esgrima que, para fuxir da policía segreda rusa, vese obrigado a regresar á súa cidade natal. En Haapsalu (Estonia) convértese en profesor de educación física nunha escola local, encontrando a felicidade grazas aos seus alumnos, aos que axuda e inculca a súa paixón pola esgrima, converténdose nun modelo a seguir. Mais o pasado alcánzao e Endel terá que se enfrontar a unha complicada decisión.

PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro 2015, nomeado a mellor filme de fala non inglesa



A CLASE DE ESGRIMA

[Klaus Härö, 2015]

“Interésanme os personaxes, non os argumentos”

Entrevista a Klaus Härö
por Diane Sippl

Como é que decides facer un filme sobre a esgrima? Eu non sei nada de esgrima, non a practiquei na miña vida. Fun a dúas clases máis o actor principal estivo dous meses a practicar. A esgrima baséase na precisión e a distancia. Ao empezo cando lin o guión, situado nos anos 50 baixo o stalinismo parecíame deprimente, e prefería facer un filme actual. Mais na páxina 15, cando os nenos comezan a practicar a esgrima, atrapoume a historia. A autora do guión, Anna Heinämaa comezara a practicar esgrima a finais dos corenta ou comezos dos cincuenta.

A esgrima era un deporte popular na rexión báltica? En Estonia, con menos de 1,5 millóns de habitantes, a esgrima é realmente importante. A autora coñeceu a filla real do protagonista do filme —Mendel—. En concreto o seu fillo converteuse en profesor de esgrima e este fixo o mesmo cos seus pequenos, construíndo unha pequena dinastía.

De que maneira se relaciona a esgrima coa historia de Estonia e Rusia? Una noite en Haapsalu, cara ás dez ou as once, todo o equipo atopábase a mirar o móbil. Lemos nas noticias que Rusia viña de entrar en Ucraína. Era finais de marzo ou comezos de abril. Era como unha viaxe no tempo. A esgrima é unha metáfora das relacións de Estonia con Rusia mais tamén dese tempo de pedra, un tempo no que só se ollaba cara o chan, non había reunións, vivíase oculto, namentres a esgrima, pola contra, precisa dunha posición ergueita, cara a cara, cunha certa confianza nun propio...

Como foi o proceso de produción? Dentro das axustadas restricións da nosa produción, procuramos certa liberdade de movementos. O orzamento era limitado, gravamos o filme en 39 días que non é moito tendo en conta que traballamos con nenos, cos que non se permite rodar durante moitas horas (aínda que si o fixemos, teño que dicir).

Consideralo un filme político? Non me considero un escritor. Teño un gran respecto por eles, ás veces traballo ben con eles e a veces non. Anna estivo traballando o guión durante anos. Eu teño unha ollada máis cinematográfica cando rodo e ás veces fago alteracións. Gústame acompañar o filme, na medida do posíbel, de feitos históricos. Tento contar cuns poucos personaxes reais. Tamén procuro crear filmes simples, para contar a historia emocionalmente. Interésanme os personaxes, non os argumentos.

Gravaches os filme nos lugares reais nos que aconteceu a historia? Nunca fomos a Rusia. Está todo gravado en Tallinn. Gústame a repetición e o ritmo. Poder dicir, «estiven aquí mais algo mudou». Gústame o poder da suxestión. O período principal de rodaxe foi a primavera cunha certa presenza do inverno, e mais tarde no verán de xullo con abrigos de pel e chapeus. Fíxenlle pasar moita calor aos actores.

Coidas que o filme ten algún impacto na relación actual entre Estonia e Rusia? Para nós, fineses, é unha cuestión teórica. Mais os estonianos acadaron a súa independencia aínda en 1991. Son membros da OTAN mais no pasado ninguén os axudaba. Foron invadidos por Alemaña e Rusia e cando Obama foi alí un día e dixo: «Non vos imos abandonar» eles dixeron: «A ver se é verdade». Están en garda.

Cales son as túas meirandes influencias artísticas? Estou influenciado polos clásicos do cinema americano e escandinavo, non tanto polos filmes europeos. Pódese dicir que os meus filmes teñen un sentido da vida escandinavo, mais creo que lles engado unha estrutura narrativa ben definida, con presentación, nó e desenlace. Abúrrenme completamente os filmes que son demasiado experimentais. Os mellores filmes de hoxendía son estadounidenses, onde combinan guións sinxelos con experiencias únicas. Por exemplo, a coprodución estoniana *Mandarinas* (Zaza Urushadze, 2013) era simple mais chea de poesía, con doses de beleza e brutalidade a partes iguais.

Publicado en: <http://kinocaviar.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME